



Resolución do 02 de agosto de 2019 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro que modifica a Resolución do 05 de febreiro de 2019 pola que se convocan varios cursos na Aula de Seguridade e Salvamento da Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol. Acción formativa financiada nun 75% polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) na medida 1.6.1. no marco do Programa Operativo para España do FEMP 2014-2020

Antecedentes

Recibido escrito da UTE CENTRO DE ESTUDIOS DE FORMACIÓN ALFER SL E CENTRO DE FORMACIÓN ICA SL, adxudataria do contrato de servizos formativos para impartir ensinanzas especializadas na obtención de titulacións profesionais náutico-pesqueiras e certificados de especialidade, solicitando anular o curso de Actualización de embarcacións de supervivencia e botes de rescate non rápidos a realizar na aula de seguridade da EONP de Ferrol o 08 e 09 de agosto de 2019, debido a que o número de persoas admitidas é moi inferior ao número de prazas convocadas.

Visto o exposto, esta dirección xeral ao abeiro das súas competencias, RESOLVE,

Anular o curso de Actualización de embarcacións de supervivencia e botes de rescate non rápidos a realizar na aula de seguridade da EONP de Ferrol os días 08 e 09 de agosto de 2019

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a consellería do Mar, no prazo dun mes, desde a notificación da presente resolución, segundo se dispón nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

